

XV PREMIO DE POESÍA AFUNDACIÓN

Bases do premio

O XV Premio de Poesía Afundación é unha iniciativa do Centro PEN de Galicia, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e de Fundación Galicia Obra Social (Afundación).

1. Poderán concorrer ao XV Premio de Poesía Afundación autoras e autores de calquera nacionalidade, presentando unha soa obra escrita en lingua galega (segundo a normativa ortográfica vixente).

2. O premio, un e indivisible, está dotado con 6000 €, cantidade da que se deducirán os correspondentes impostos.

3. As obras aspirantes, que deberán ter unha extensión mínima de 600 versos, serán inéditas na súa totalidade e non poderán estar presentadas simultaneamente a outros concursos.

4. Os orixinais deberanse presentar por quintuplicado, mecanografados e baixo lema. O mesmo lema deberá figurar no exterior dun sobre pechado que conteña os seguintes datos: título da obra, nome e apelidos da autora ou autor, fotocopia do DNI, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono de contacto.

5. Os traballos deberanse enviar por correo postal ou empresa mensaxeira a:

6. O prazo de admisión rematará o 29 de setembro de 2017. Exclúiranse todos os envíos que leven data posterior.

7. O xurado cualificador estará constituído por cinco persoas de recoñecido labor no ámbito literario. Como presidente actuará o titular do Centro PEN de Galicia e como secretario, o director desta entidade. Corresponderalle ao xurado a interpretación destas bases e a súa decisión será inapelable.

8. A decisión do xurado do XV Premio de Poesía Afundación farase pública, a través dos medios de comunicación, no derradeiro trimestre de 2017.

9. A obra premiada publicarase na colección Arte de Trobar do Centro PEN de Galicia, e renunciará a autora ou autor, na primeira edición, aos dereitos que puidesen corresponderlle. De existiren posteriores edicións, deberase facer constar nelas que a obra recibiu o XV Premio de Poesía Afundación.

10. Non se devolverán os orixinais nin se admitirán reclamacións sobre eles. O feito de presentarse ao XV Premio de Poesía Afundación implica a aceptación por parte dos participantes das presentes bases na súa totalidade.

Sede Afundación

Rúa Policarpo Sanz, 24, 36202 - Vigo
Indicarase XV Premio de Poesía Afundación no sobre.

Santiago de Compostela, marzo de 2017